

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TRIBUNAL PARA O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DUN PEÓN/PEOA FORESTAL AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN APROL RURAL 2023

EXPEDIENTE: 109/2023

ANTECEDENTES:

A Orde do 09/01/2023 establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 22 do 1 de febreiro). O Concello de Moeche presentou ao abeiro desta convocatoria, unha solicitude de subvención ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para o dito Programa Aprol Rural 2023. Achegou unha memoria da obra ou servizo, que describe as necesidades de contratación para o dito programa.

Por Resolución de concesión da subvención de referencia, emitida pola xefa Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con data 19/04/2023 rexistro de entrada núm. [2023-E-RC-445](#) do 19/04/2023, concédeselle a este concello unha subvención para a contratación dun peón/peoa forestal baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo por un período de 9 meses para a realización das obras/servizos:

- Limpeza forestal

Na dita resolución sinala que **a data límite para a formalización da contratación é o día 19/05/2023.**

Por Resolución da Alcaldía do día 03/05/2023 aprobáronse as bases que rexerán o proceso de selección e contratación dun peón/peoa forestal para a obra/servizo “Limpeza Forestal”. O procedemento de selección faise mediante oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego, que enviarán aos candidatos e candidatas aos postos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **Resolvo:**

Primeiro: Nomear o Tribunal Cualificador que constará de:

Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais: un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Presidente: M.^a Raquel Novo Montes, funcionaria do Concello de Moeche

Vogais:

- Cristina Sueiras Rodríguez, funcionaria do Concello de Moeche

Secretario: Antonio García Méndez, funcionario do Concello Moeche

Membro asesor: Pedro Antonio Amado Freire, persoal laboral fixo do Concello de Moeche.

O tribunal cualificador reunirse para a cualificación e valoración dos méritos unha vez que o Servizo Público de Emprego teña remitidos a todos/as os/as candidatos/as aos postos. As valoracións serán



publicados taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Moeche. A data da proba práctica da fase de oposición será publicada no taboleiro de anuncios e páxina web do concello.

Moeche, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras
(*Sinatura dixital ao marxe*)

